

Aquel gran viaxeiro por terras galegas que foi o P. Sarmiento conta que o nome de “MORRAZO ou MURRATIUN”, como lle chamaban á nosa comarca nas antigas donacións da catedral de Santiago, viría dado a que todo o terreo o sobre todo a parte de Donón, sería como un gran “muro” que se mete no mar a semellanza do Morro da Habana.

Hai outro tipo de nomes nos lugares da nosa península que son moi particulares (algún non se repite en ningún outro lugar de Galicia) e non é fácil dar co seu significado; o estudioso García de la Riega opina que houbo aquí en tempos, unha forte colonización dos gregos e así explica algúns nomes dicindo que proceden do idioma grego:

- BUEU, segun el, viría da palabra grega “BOEOS” que quere dicir vasto, estenso, espacioso..

- BON, procedería de “BOON” que significaría boi ou vaca.

- LIMÉNS, sería en grego porto.

- SOBRIDO, de “SOBEROS”, pola violencia do mar nesa punta.

- GAGAN, (e non, Xaxán, como se anda escribindo por aí) viría de “GAGATES”, que quere dicir marco no camiño.

- HERMELO, do deus HERMES ou MERCURIO

- HIO, de EION (LITUS, RIPA) ou sexa, “ribeira do mar”.

- BELUSO, de “BELOS”, extremo dun país ou comarca.

- TEMPERAN, sería “lugar ameno”, val fermoso.

Esta sería a opinión dun científico que podería estar encontrada coas opinións de outros, noustante, a xente do

noso pobo, que non fai grandes estudos sobre a orixe da toponimia, fai as súas interpretacións, algunhas delas cheas de humor:

O Hío, hai quen o relaciona co estado americano de OHIO, que ten a mesma escrita, simplemente xuntando as letras, inda que a súa pronuncia sexa ben diferente.

É ben coñecido o conto que trata da confusión a que pode levar o nome para alguén de fóra. Cóntase que houbo unha festa no Hío que rematou cunha forte liorta entre os mozos da parroquia, e tanto foi o tumulto que tivo que vir a forza para aplacar os ánimos. Os gardas civís, que eran de fóra, pillan a un mozo:

—¿Usted de donde es?

—Yo,... yo soy del Hío.— responde o mozo no seu castrapiño.

—Ah, ¿así que usted es del lío?, ¡queda detenido!

Podemos tirar do conto a conclusión de que o millor e falar sempre galego, para non se ver envoltos en líos deste tipo.

¿E que pensar do nome da parroquia de Coiro?

Aquí hai varias teorías: ¿Será porque en tempos habería curtidos nesta zona? Hai quen di que esta palabra significa en grego “BOA VISTA”, e verdadeiramente a panorámica desde o alto da igrexa é incomparábel.

Noustante, o xenio popular usa o nome para xogar co dobre sentido das palabras. A frase “Nas festas, canta tal cantante en Coiro” se se escribe “Nas festas, tal cantante canta en Coiro” que só se distinguen no tamaño da letra “c”, seguramente surtiría o efecto de influír no número de asistentes a tal festa.

Visto que pode haber opinións tan distintas sobre os nomes dos nosos lugares, será millor pasar a outra cousa.

Cangas, como todo o Morrazo, vive de cara ao mar e iste feito marca toda a súa persoalidade, e como non, a fala. A fala de Cangas está chea de constantes referencias á vida mariñeira dos seus viciños.

Se escoitades falar a un mariñeiro, a humanidade está dividida en dous bandos: os “terrestres” e os marítimos ou “embarcados”; aos que desenvolvemos a nosa vida en terra firme chócanos mirarnos chamados “terrestres”, (inda que é correcto) pois parece que máis ben iste sería o nome que nos darían os posibles habitantes doutro planeta.

O home do mar imaxina que a súa casa é como un barco, recordo como un antiguo concellal ao entrar no Axuntamento dixo: “este barco xa o conozo eu”. O coche, igual que calqueira nave, ten “popa”, “proa”, e o feito de baixar dun coche, non é apearse, senón “saltar”, ou “desembarcar”; cantas veces o dono dun coche nos di: “embarca”.

Facer unha sopa de pan no prebe da comida será “botar unha chalana ao mar” e cando xa non se pode beber máis “xa non meto mais, peixe a bordo”. Cando pasa pola rua unha boa moza, “vaia maragota”, é a gabanza á súa beleza.

O corpo, é considerado como un barco e naturalmente, os brazos son remos “aparta de aí ese remo”, ou “vouche dar un remazo”, son expresións usuais. Se non frecuente un certo lugar direi “eu xa non ando por ises mares...” “Arriar os cartos”, ou “arriar os libros” é o equivalente mariñeiro de soltar ou abandonar algunha cousa.

Os exemplos poderíanse multiplicar, o que sí é certo é que todos istes matices e variacións, -e en definitiva riquezas- do noso idioma, dannos a idea das enormes posibilidades de adaptación a calquera contexto, da nosa lingua galega, máxima expresión do xenio cultural das nosas clases populares.